

## A Consellaría estafa nas nóminas de xaneiro: non aplica integramente a mínima suba na titoría e nos sexenios

Todo o profesorado lembra perfectamente como se quixo comprar a vontade de quen, en outubro de 2023 negociaba na Mesa Sectorial a mellora nas condicións laborais do persoal docente.

Como é sabido, conseguírono cunha minoría sindical que lle valeu de acompañamento ao presidente Rueda nun pacto polo que se renunciaba a dereitos laborais a cambio dunha suba salarial mínima e segregadora, rompendo un principio básico de todas as negociacións salariais no marco da Consellaría desde 1990: os incrementos salariais aplicábanse a todo o mundo por igual.

No “**acordo da vergoña**” de 2023 tamén houbo moedas a cambio de condicións de traballo. Xunto ao “non” rotundo a recuperar os horarios lectivos que nos arrebataron (18 sesións nos corpos de secundaria e 21 en primaria) ou a aplicar as ratios en todas as ensinanzas, progresivamente mais con carácter inmediato, a Consellaría puxo enriba da mesa unha exigua dádiva para unha parte do profesorado e unha esmola para todas e todos.

Na nómina do mes de xaneiro de 2025 complétase a única suba xeralizada para todo o profesorado: logo de subir 5,22€ hai un ano correspondía agora incrementar outros 5,74€.

É a esmola incorporada no complemento de titoría e que se corresponde co 10% de xaneiro de 2024 e un novo 10% no 2025. **Non nos chegan os petos para recoller tanto diñeiro!**

Outra suba que se completou en xaneiro de 2025 foi a dos sexenios. Novamente o incremento se dividiu en dous tramos: 10% no 2024 e 10% no 2025. Esta suba deixa fóra a todo o profesorado incorporado nos últimos anos e é mínima para quen ten menos de 3 sexenios.

**CIG-Ensino denuncia unha enfermiza disposición da Xunta a recortar todo o que poida, mesmo de onde case non hai nada que recortar**

A terceira pata da compra dos dereitos a cambio de cartos tampouco afecta a todo o profesorado, xa que se limita a cargos unipersoais de goberno (incluíndo responsábeis de centros de 3 unidades, inspección, persoal asesor, entre outros) e é unha contía fixa en tres cómodos prazos de 20€ cada un.

Cun reparto directo e lineal de todos os cartos para todo o profesorado, a suba afectaría e beneficiaría á maioría do profesorado e non implicaría o perigoso precedente que se acaba de executar: a división do profesorado.

### **Quen fai a lei, fai a trampa**

Na revisión da [orde de confección de nóminas para o ano 2025](#) a CIG-Ensino detectou un novo roubo nos nosos petos.

Nas contías da orde e nas nóminas que acabamos de recibir, o aumento nos sexenios e na titoría non é do 10% sobre a cantidade que percibiamos en 2024, senón que se calcula sobre a aplicada en xaneiro de 2024. É dicir, en lugar de calcular o 10% sobre o salario actualizado de 2024, como correspondería, en 2025 volveron tomar como referencia o soldo de 2023, reducindo así o incremento real.

As contías que nos furtan son, nestes exemplos, as seguintes:

- Na titoría soben 5,22€ no canto de 5,74€. A Consellaría queda con 0,52€ por docente.
- Para quen teña 3 sexenios a suba quédase en 28,33€ en vez de chegar a 31,17€. A Consellaría queda con 2,84€ por docente.
- E quen teña 5 sexenios cobrará 50,59€ máis que no 2024, cando a suba debería ser de 55,67€. A Consellaría queda con 5,08€ por docente.

A sacuma a nivel individual ten a relevancia que ten para cadaquén, mais se pensamos no que implica o montante total para máis de 30.000 docentes é doado entender que hai erros que non parecen tal cousa.

Hai que ter en conta que chove sobre mollado: [no verán de 2024 a CIG-Ensino denunciou publicamente](#) que a Xunta non ía aplicar a suba do 2% nos complementos afectados polo “acordo da vergoña”: unha vez

## A Consellaría estafa nas nóminas de xaneiro: non aplica integramente a mínima suba na titoría e nos sexenios



A CIG-Ensino denuncia unha enfermiza disposición da Xunta a recortar todo o que poida, mesmo de onde case non hai nada que recortar

descuberta a xogada, a Xunta rectificou, alegando que se trataba dun erro e que xa o solucionara internamente con Facenda e aplicaba esa suba.

## A CIG-Ensino exige que a Consellaría deixe de rapinar e rectifique novamente, aplicando a suba como ten que facer.

Como acontece noutros aspectos do “acordo da vergoña” (ratios, aulas mixtas, cómputo de alumnado con discapacidade) ou doutros como o do persoal interino, a CIG-Ensino vai seguir fiscalizando os reiterados incumprimentos que se dean. Non ser parte dun mal acordo non limitou nunca ao sindicato maioritario a denunciar todas as falcatruadas que comete a administración. Se enganan o profesorado non imos mirar cara outro lado aínda que non sexamos parte ou cómplices do engano.

### OS NÓSOS LOCAIS

#### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

#### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

#### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

#### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

#### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

#### LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

#### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

#### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

#### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

#### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

#### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

#### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal